



CERTIFICACIÓN

D.^a María Cristina Varela García, secretaria acumulada do Concello de Vimianzo (A Coruña),

CERTIFICO:

Que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na sesión extraordinaria do vinte e oito de xuño de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“5º.- Expedientes sobre contratacións administrativas

5.2. Aprobación do expediente de contratación para a licitación da contratación mixta do “Servizo e subministración para o Servizo de auga municipal”.Expediente TEDeC 2018/C004/000005.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 28 de xuño de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de contratación para a licitación da contratación mixta do “Servizo e subministración para o Servizo de auga municipal”.Expediente TEDeC 2018/C004/000005.

Vista a providencia da alcaldía de data 27/06/2018 na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do LCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación do “Servizo e subministración para o Servizo de auga municipal”, xa que o actual remata o vindeiro 08/07/2018 e a anterior licitación quedou deserta.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas propostos pola Alcaldía, de data 27/06/2018 que constan no expediente TEDeC.

Tendo en conta a natureza das prestacións á que fai referencia o obxecto do contrato, estamos diante dun contrato administrativo mixto de servizos e subministración, no que a prestación principal corresponde ao contrato de servizos (art.25 e 18 da LCSP).

Visto que o valor estimado do contrato como máximo ascende a cento oitenta e catro mil setecentos sesenta e dous euros (184.762,00 euros), (IVE excluído) e cuxo prazo de duración será dun ano con posibilidade de prórroga por outro ano máis, estímase procedente a contratación do referido servizo mediante procedemento aberto (art.1131 LCSP) e tramitación ordinaria.

Visto que o orzamento de licitación (IVE incluído) ascende a contía total de cento once mil setecentos oitenta e un euros e un céntimo (111.781,01 euros), desagregados do seguinte xeito:

-Orzamento total de licitación: 111.781,01 euros

-Orzamento base: 92.381,00 euros

-IVE (21%):19.400,01 euros

En cumprimento da Disposición Adicional Terceira da LCSP, consta informe favorable emitido pola secretaria municipal en data 27/06/2018 e informe de fiscalización previa da fase A do contrato, emitido pola intervención municipal en data 28/06/18, en sentido favorable con observacións.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2,b) da LBRL, e 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía núm. 758/2015, de 13/06/2015.



Por todo o exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas, que rexerán a contratación, por procedemento aberto, tramitación ordinaria, para a *contratación mixta do "Servizo e Subministración para o servizo de auga municipal"*, cun orzamento de licitación que ascende a un total de cento once mil setecentos oitenta e un euros e un céntimo (111.781,01 euros), IVE incluído.

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto e tramitación ordinaria.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de cento once mil setecentos oitenta e un euros e un céntimo (111.781,01 euros), de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos vindeiros exercicios económicos.

Terceiro.- Publicar a convocatoria na plataforma de contratos do sector público.

O que asino en Vimianzo

O alcalde

Manuel Antelo Pazos"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos."

E para que conste, expídese esta certificación de orde do alcalde, coa salvedade que establece o art. 206 do ROF, en Vimianzo.

Visto e prace

O alcalde